

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL VEDRA Secretaría-Intervención

Licitación de subministración de furgoneta con caixa aberta, cabina sinxela e grúa traseira

ANUNCIO

Licitación da contratación do subministro correspondente a "Furgoneta con caixa aberta sinxela e grúa hidráulica para a brigada de obras municipal"

1) Entidade adxudicadora.

Datos xerais e datos para a obtención da información:

a) Organismo: Concello de Vedra.

b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría.

c) Obtención de documentación e información: Secretaría do Concello: Avda. M. M. Gómez Lorenzo, 1. 15885 Vedra. Teléfono 981-814612. Fax 981-503331. Correo electrónico: mercedes.pereiras@vedra.dicoruna.es

Enderezo de internet do perfil do contratante: <http://www.concellodevedra.com>

2) Obxecto do contrato.

2.a.-Tipo: contrato de subministro.

2.b.-Descrición: furgoneta con caixa aberta e grúa hidráulica para a brigada de obras municipal.

2.c.-Prazo de entrega: tres meses dende a data de adxudicación do contrato.

3) Tramitación e procedemento.

3.1.-Tramitación ordinaria.

3.2.-Procedemento aberto con varios criterios de adxudicación

3.3.-Criterios de adxudicación: os establecidos na cláusula novena do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación.

4) Valor estimado do contrato: 46.375,81 €.

5) Orzamento base de licitación: 56.114,73 €.

6) Financiamento do contrato: 80% con cargo á Deputación Provincial da Coruña (convenio 2014/14) e 20% con cargo a recursos propios.

7) Garantías esixidas.

7.a.-Garantía provisional: 1.391,27 €.

7.b.-Garantía definitiva: 5% do importe de adxudicación do contrato, excluído o IVE.

8) Requisitos específicos do contratista: a solvencia económica e financeira e a solvencia técnica e profesional acreditarase conforme ao establecido na cláusula sexta do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación.

9) Presentación de ofertas.

9.1.-Data límite de presentación: ata as 14.00 horas do décimo quinto día natural dende o seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

A publicación do presente anuncio efectuarase nos seguintes medios: BOP da Coruña e no perfil do contratante do Concello de Vedra.

9.2.-Modalidade de presentación: en dous sobres pechados de acordo co establecido na cláusula sétima do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen esta contratación.

9.3.–Lugar de presentación: as proposicións poderán presentarse por correo, telefax, ou por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, en calquera dos lugares establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

9) Apertura das proposicións.

A mesa de contratación constituirase o quinto día hábil tras a finalización do prazo de presentación das proposicións, ás 12.00 horas.

10) Gastos de publicidade: son por conta do adxudicatario.

11) Exposición de pregos: perfil do contratante (www.concellodevedra.com).

Vedra, 16 de xullo de 2014.

O ALCALDE

Asdo.: Carlos Martínez Carrillo

2014/8103